

Recensión bibliográfica

A GALICIA URBANA

Rubén C. Lois González / Daniel Pino (coords.)

Edicións Xerais Galicia

Paxinas 755

O título desta obra esperta interese no lector, pois é un tema xeral e actual. Así como unha serie de preguntas que se escoitan con frecuencia en diversos ambientes que van dende os máis cotiás aos máis intelectuais: ¿existe unha Galicia urbana máis alá de Vigo e Coruña?, ¿Galicia é un territorio urbano?, ¿Galicia non se caracterizou sempre por ser un territorio rural?, respostas que si se atopan ao longo desta extensa obra.

Neste libro reitérase que desde mediados do século XX, o crecemento das cidades e dos seus espazos urbanos periféricos constitúe a principal novidade na organización territorial de Galicia. Ademais, a intensidade deste proceso de concentración do efectivo humano, da actividade económica e da artificialización do solo, xustifica que na actualidade Galicia se defina como unha realidade urbana.

A súa vez, nesta obra inciden en sinalar que o proceso de urbanización non se realizou con toda a orde que cabería agardar, e que nos seus aspectos centrais foi obxecto de estudos por un amplo abano de profesionais relacionados coa análise do territorio e as súas características socioeconómicas como arquitectos, xeógrafos, sociólogos ou economistas, entre outros. Polo que os coordinadores desta publicación dende un primeiro momento, amosan a súa preocupación por recoller nesta obra o maior número de traballos e puntos de vista relacionados co estudo do espazo urbano de Galicia. De feito esta é unha das características máis novas do libro, os coordinadores son un xeógrafo e un sociólogo e na relación de máis de 40 autores que colaboran hai profesionais da arquitectura, historia, economía ou dereito. Polo que é de agradecer que nunha soa publicación se concentren todos estes puntos de vista, mais en ocasións se detecta unha excesiva heteroxeneidade nos contidos dos diferentes apartados. Así como unha clara identificación de cal é a formación do autor dese artigo. Mais considerase como unha potencialidade fronte a outras publicacións que tan só se preocupan por afondar nunha parte dun tema tan amplo e no que existen tantos factores, como é o estudo do espazo urbano dun país.

Onde si existe unha coincidencia total, independentemente da formación do estudoso urbano, é en afirmar ca mudanza económica fonda de Galicia dende mediados do século XX vai da man do proceso urbanizador do territorio galego. Nese momento foi onde Galicia deixa de ser un país rural, que rexistra un desenvolvemento industrial e dos servizos públicos e privados, dando pé a un proceso de urbanización clásico, pero bastante acelerado, centrado entre 1950 e 1981.

Pero neste proceso urbano ademais da consolidación das sete cidades (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo) conformáronse áreas urbanas, áreas metropolitanas e unha serie de pequenas cidades e núcleos cabeceira, co que quedou perfectamente estruturada a Galicia urbana. A modo de exemplo explican que, na actualidade, as cidades de Vigo e A Coruña concentran preto do 20% da poboación galega e, se lles sumamos a poboación dos concellos das súas respectivas áreas metropolitanas concentran máis de 1 millón de galegos, o 35% da poboación total do país. Así como as diferenzas entre a Galicia occidental e a oriental ou a significación territorial que teñen as “cidades” pequenas de As Pontes, Carballo, Vilagarcía de Arousa ou A Estrada. Para explicar todos e cada unha das características da Galicia urbana do século XXI, sempre tiveron presente os catro elementos esenciais do proceso de urbanización: a concentración da poboación e as actividades económicas nas cidades e áreas de influencia,

o proceso de transformación do territorio (vías, beirarrúas, paseos marítimos, canalizacións de auga e sumidoiros, electrificación, etc.) e por último, a fonda mudanza nos xeitos de vida que cada vez máis seguen as pautas urbanas (mobilidade, competitividade, traballo asalariado, etc.) independentemente de onde se resida.

A obra estrutúrase en sete grandes apartados que abordan os temas da urbanización e metropolitanización do territorio, o estudo dos habitantes das cidades e das súas actividades, a imaxe do urbano, as formas e usos do solo urbano, o planeamento urbanístico e o tratamento rural na Galicia urbanizada. Unha serie de achegamentos complementarios que procuran abordar as características máis importantes da Galicia urbana desde unha perspectiva de colaboración científica entre expertos de distintas disciplinas.

Na primeira parte se estuda o proceso urbanizador visto dende a óptica da xeografía, da socioloxía e da arquitectura. Na parte segunda, sucedéronse ata sete capítulos asinados por arquitectos e referidos ao deseño urbano e ao urbanismo de Galicia. A terceira parte, só contou con catro capítulos centrados no coñecemento da poboación das cidades e das actividades económicas urbanas, onde predominan os traballos de xeógrafos. Así como na cuarta parte onde recóllense seis traballos centrados no estudo da imaxe da cidade e do urbano. Na quinta parte, con seis capítulos, reaparece o estudo da cidade, o espazo urbano expresado a través das formas construídas e das paisaxes derivadas. Na sexta parte, unha vez mostradas as posibilidades dos enfoques orientados a coñecer a morfoloxía, a estrutura e a funcionalidade dos espazos urbanos, faise un estudo dos aspectos referidos ao planeamento urbanístico e estratéxico. Por último, na parte sétima recóllense dous capítulos onde se explica que para entender a Galicia urbana e imprescindible coñecer o mundo rural.

En canto a conclusión deste libro, os coordinadores acadan o obxectivo exposto. Pois os conciben como se fose o remate dunha Tese de Doutoramento, que procuraba responder a pregunta: Galicia rexistrou un proceso urbanizador?, a que responden si e apoiados en tres razóns. A primeira, xeraron un debate de fondo onde se rexistrou o intenso proceso de urbanización que tivo Galicia e modificou a súa organización territorial. A segunda, foron quen de xuntar nunha mesma obra unha perspectiva multidisciplinar (co risco que supón) de pensamento urbano e actual do país e, a terceira amosar que Galicia precisa da xeración dunhas directrices de ordenación del territorio, leis do solo, leis de vivenda e normativa específica de revitalización do medio rural.

Finalmente, recoñecer o traballo de editoriais como Edicións Xerais de Galicia ao dar soporte a traballos coma este.

Ángel Miramontes Carballada

Universidade de Santiago de Compostela

http://euroefe.euractiv.es/1311_actualidad/3839588_la-union-europea-apoya-el-acceso-gratis-a-publicaciones-cientificas-para-2020.html